



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Etoloxía		Código	610G02038
Titulación	Grao en Bioloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	GalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Bioloxía			
Coordinación	Servia García, María José	Correo electrónico	maria.servia@udc.es	
Profesorado	Fernandez Rodriguez, Luis Jose	Correo electrónico	luis.fernandezr@udc.es	
	Servia García, María José		maria.servia@udc.es	
Web	ciencias.udc.es/bave/index.php/Profesorado/maria-j-servia.html			
Descrición xeral	A materia ten como obxectivo formar ao alumno de forma que poida comprender os conceptos fundamentais do Comportamento animal, así como a súa evolución a través da acción da selección natural. A materia estruturarase ó redor das catro areas definidas por Tinbergen: causación, ontoxenia, función e evolución. Abórdase especificamente a selección de hábitat, as migracións e territorialidade, a explotación de recursos e o comportamento alimentario, a selección sexual, reprodución e sistemas de apareamento e coidado parental, a comunicación animal e o comportamento social. Asemade, preténdese introducir ao alumno nos métodos de investigación en Etoloxía. As actividades de Aprendizaxe-Servizo favorecerán a integración de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible na docencia da materia.			
Plan de continxencia	1. No caso de NON PRESENCIALIDADE sobrevida por gromos de COVID19: 1.1 Modificacións nos contidos - Non hai 1.2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen - Todas. As metodoloxías serán adaptadas convenientemente de ser preciso mediante o uso de ferramentas TIC. *Metodoloxías docentes que se modifican - Ningunha. 1.3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado O alumnado poderá contactar co profesorado no horario de traballo a traveso das vías habituais que se veñen empregando: correo electrónico, Moodle e Teams. Poderanse facer tanto sesións colectivas como individuais 1.4. Modificacións na avaliación - O sistema de avaliación manterase *Observacións de avaliación: Aínda que se mantería o sistema de avaliación, modificarase o peso relativo de cada metodoloxía de xeito que pasaría a ser: 1) Proxecto de investigación (memoria de prácticas): 25%; Traballos tutelados ou ApS: 25%; Proba de resposta breve (exame): 40%; Seminario (10%) 1.5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía - Non hai. 2. Nos casos de EXCESO DE AFORO da aula asignada para a materia: reservaranse espazos adicionais nos que os alumnos poidan seguir as actividades a través da plataforma TEAMS. No caso das actividades prácticas, os grupos desdobranse para adaptarse á capacidade do espazo			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Recoñecer distintos niveis de organización nos sistemas vivos.
A7	Reconstruír as relacións filoxenéticas entre unidades operacionais e pór a proba hipóteses evolutivas.
A19	Analizar e interpretar o comportamento dous seres vivos.
A20	Muestrear, caracterizar e manexar poboacións e comunidades.
A23	Avaliar o impacto ambiental. Diagnosticar e solucionar problemas ambientais.
A26	Deseñar experimentos, obter información e interpretar os resultados.
A27	Dirixir, redactar e executar proxectos en Bioloxía.
A28	Desenvolver e implantar sistemas de xestión relacionados coa Bioloxía.
A30	Manexar adecuadamente instrumentación científica.
A32	Desenvolverse con seguridade no traballo de campo.
B1	Aprender a aprender.



B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar en colaboración.
B6	Organizar e planificar o traballo.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nunha contorna de traballo.
B8	Sintetizar a información.
B9	Formarse unha opinión propia.
B10	Exercer a crítica científica.
B11	Debater en público.
B12	Adaptarse a novas situacións.
B13	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer e comprender a conducta animal como resultado da adaptación evolutiva nun contexto ecolóxico.		A1 A7 A19	
Coñecer as técnicas básicas para muestrear e caracterizar o comportamento dos animais.		A20 A23 A28 A30 A32	B6
Deseñar experimentos, obter información e interpretar os resultados.		A26	B2
Adquirir capacidade de análise crítica, síntese e presentación de información.			B3 B7
Traballar de forma colaborativa.			B5
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.			B13
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.		A28	B12
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			B10
Dirixir, redactar e executar proxectos en Bioloxía		A27	
Aprender a aprender.			B1
Traballar de forma autónoma con iniciativa.			B4
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			B8 B11
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			B9 B12
Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.		A27	B8

Contidos	
Temas	Subtemas
Bloque 1. Bases conceptuais da Etoloxía	1.1 Introducción ao estudo do Comportamento Animal. 1.2 Causación e ontoxenia do comportamento. 1.3 Evolución e valor adaptativo do comportamento 1.4 Selección de grupo. Selección de parentesco



Bloque 2. Toma de decisións en animais	2.1 Modelos de optimización na ecoloxía do comportamento 2.2 Estratexias de predación e comportamento antipredatorio 2.3 Selección do hábitat. Dispersión, filopatría e territorialidade 2.4 Orientación e migracións
Bloque 3. Sexo e comportamento	3.1 Reproducción sexual. Custos e beneficios do sexo 3.2 Ecoloxía dos sistemas de apareamento 3.3 Selección sexual 3.4 Coidado parental
Bloque 4. Sociabilidade e comunicación	4.1 Comunicación animal. Deseño, ecoloxía e evolución dos sinais 4.2 Aspectos da organización social 4.3 Comportamentos altruístas e cooperativos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B6 B7 B12	0.65	0	0.65
Sesión maxistral	A1 A7 A19 B11	21	47.46	68.46
Traballos tutelados	A19 B1 B3 B4 B5 B8 B10	1	7	8
Seminario	A19 B1 B3 B7 B9 B10 B11	7	17.5	24.5
Investigación (Proxecto de investigación)	A20 A23 A26 A27 A28 A30 A32 B13	14	21.98	35.98
Proba de resposta breve	A7 A19 B2	2.5	0	2.5
Aprendizaxe servizo	A7 A19 B2 B7 B8 B13	1.8	6.66	8.46
Atención personalizada		1.5	0	1.5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación do temario e actividades que se desenvolverán durante o curso. Información sobre os obxectivos das actividades e o sistema de avaliación. Pequeno resumo da guía docente.
Sesión maxistral	As sesións maxistrais (21) impartiranse mediante sesións orais co apoio de medios audiovisuais. Os alumnos terán á súa disposición o material empregado nas clases a través da plataforma Moodle.
Traballos tutelados	Os alumnos realizarán traballos en grupo de carácter obrigatorio. A súa elaboración será supervisada polos profesores, en persoa ou mediante ferramentas TIC. Aqueles alumnos que participen en actividades de Aprendizaxe-Servizo estarán exentos de realizar este tipo de traballos.
Seminario	Nas horas de teoría de grupo reducido desenvolveranse seminarios de apoio á materia explicada nas sesións maxistrais e obradoiros de formación para o desenvolvemento das actividades do curso. Os alumnos serán avaliados en función do grao de participación activa e/ou por medio de pequenos exames.
Investigación (Proxecto de investigación)	Nas prácticas empregaranse medios audiovisuais e TIC para iniciar aos alumnos no uso do método observacional en Etoloxía. Prevese a elaboración dunha memoria final en forma de proxecto de investigación. As actividades terán lugar en galego e inglés. Acordarase cos alumnos que participen na actividade de Aprendizaxe-Servizo a exención parcial de realizar algunha das actividades do proxecto de investigación.
Proba de resposta breve	Haberá un exame final que consistirá nun cuestionario de presuntas de resposta breve



Aprendizaxe servizo	Se as condicións o permiten, os alumnos poderán participar de forma voluntaria nunha actividade de Aprendizaxe-Servizo (APS). De ser posible, ofértanse dúas opcións: unha ten como obxectivo evitar o abandono de mascotas por parte dos donos debido a problemas de comportamento, mentras a outra ten como obxectivo formar sobre problemas asociados á avespa asiática (Vespa velutina). A participación nesta actividade eximirá da elaboración do Traballo tutelado, e, dependendo do tempo requerido pola actividade de APS, mesmo de parte das actividades do proxecto de investigación.
---------------------	--

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Investigación (Proxecto de investigación) Traballos tutelados Proba de resposta breve Aprendizaxe servizo Sesión maxistral Seminario	As titorías, a petición do alumno, poden ser empregadas para resolver dúbidas e comentar o programa da materia, tanto o abordado nas sesións maxistrais como nos seminarios e no traballo de prácticas. Ademais, os profesores farán un seguimento dos traballos elaborados polos alumnos, que pode facerse de forma presencial ou a través de ferramentas TIC, de maneira que o traballo final acade unha calidade aceptable. Contéplase tamén a posible necesidade de atención personalizada nas probas de avaliación.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Investigación (Proxecto de investigación)	A20 A23 A26 A27 A28 A30 A32 B13	OBRIGATORIOS. Os alumnos elaborarán unha memoria de prácticas con formato de publicación científica, que deberá reflectir os coñecementos adquiridos durante as mesmas. Aqueles alumnos que, por causas xustificadas, non poidan asistir ás prácticas programadas, deberán igualmente realizar un traballo práctico baixo a supervisión dos profesores.	20
Traballos tutelados	A19 B1 B3 B4 B5 B8 B10	OBRIGATORIOS. Os traballos serán avaliados en función da súa orixinalidade, o seu grao de relación coa materia, a calidade do material empregado e a calidade da exposición. Estes traballos só terán carácter optativo para aqueles alumnos que participen nunha actividade de Aprendizaxe-Servizo.	15
Proba de resposta breve	A7 A19 B2	OBRIGATORIO. No exame final, que constará de preguntas breves, as respostas deberán ser claras e concisas. As respostas que reproduzan unicamente o contido das dispositivas de clase poderán ser penalizadas. Para superar a materia os alumnos deberán obter unha CALIFICACIÓN MÍNIMA DE 4 SOBRE 10 nesta proba.	60
Aprendizaxe servizo	A7 A19 B2 B7 B8 B13	OPTATIVO. Os alumnos serán avaliados a través de entrevistas individuais e grupais. A calificación, que será a que poderían obter cun traballo tutelado, dependerá da calidade dos materiais elaborados, os contidos aprendidos e a participación activa e responsable nas actividades.	0
Seminario	A19 B1 B3 B7 B9 B10 B11	Nos seminarios os alumnos serán avaliados en función da participación activa e a calidade das aportacións, así como a través de pequenos exames que se poderán realizar durante os mesmos. Salvo causa xustificada, OS ALUMNOS AUSENTES TERÁN UNHA CALIFICACIÓN DE 0 PUNTOS.	5
Outros			

Observacións avaliación



A teoría da materia avaliarase mediante un exame final. A nota máxima será de 6 puntos, debendo os alumnos ter unha nota mínima de 2.4 sobre 6 (4 sobre 10 no exame) para poder superar a materia.

A avaliación dos seminarios, da memoria de prácticas e das actividades que se propoñan durante o curso poderá supoñer un aumento na nota final de ata seis puntos. Ademais dos coñecementos adquiridos, tamén se valorarán a participación activa nas diferentes actividades e a capacidade de traballo en grupo.

Aqueles alumnos que non participen en todas as actividades (agás a APS) non poderán obter a máxima nota (10 puntos) en ningunha das oportunidades de avaliación. A calificación dos seminarios, prácticas e do traballo tutelado (ou APS de ser o caso) manterase nas dúas oportunidades de avaliación.

Requírese unha nota final de 5 puntos para aprobar a materia.

Para obter a cualificación de non presentado, os alumnos non poderán presentarse ao exame final (proba de resposta breve).

Os

alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica

de exención de asistencia poderán realizar todas as actividades previstas

baixo a supervisión do profesor e mediante titorías específicas.

Fontes de información

Bibliografía básica	ALCOCK, J. (2005). Animal Behavior (8_ ed.). Sinauer Associates, Inc. ALCOCK, J. (2009). Animal Behavior (9_ ed.). Sinauer Associates, Inc. CARRANZA, J. (ED.) (1994). Etología. Introducción A La Ciencia Del Comportamiento . Cáceres, Universidad De Extremadura, Servicio De Publicaciones. CÓRDOBA-AGUILAR, A., GONZÁLEZ-TOKMAN, D. & GONZÁLEZ-SANTOYO, I. (2017). Insect behavior. Glasgow, Oxford University PressDANCHIN, E., GIRALDEAU, L. & CÉZILLY, F. (2008). Behavioural Ecology. Oxford University Press. DUGATKIN, L.A. (2009). Principles of Animal Behavior. W.W. Norton, New York. FREEMAN, S. & J.C. HERRON (2002). Análisis Evolutivo . Madrid, Pearson Educación. KREBS, J.R. & N.B. DAVIES (1993). An Introduction To Behavioural Ecology . Oxford, Blackwell Scientific Publications
Bibliografía complementaria	DRICKAMER, L.C., VESSEY, S.H. & MEIKLE, D. (1996). Animal behavior (4_ ed.). Wm. C. Brown Publishers. GOODENOUGH, J., B. MCGUIRE, & WALLACE, R.A. (2001). Perspectives in animal behavior. John Wiley & Sons. GRIER, J.W. & BURK, T. (1992). Biology of animal behavior (2_ ed.). Mosby-Year Book MAIER, R. (2001). Comportamiento animal. Un enfoque evolutivo y ecológico. McGraw-Hill.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Estatística/610G02005
 Xenética/610G02019
 Xenética de poboacións e evolución/610G02021
 Zooloxía I/610G02031
 Zooloxía II/610G02032

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Análise de datos en Bioloxía/610G02044

Materias que continúan o temario

Observacións

Aínda que o profesor poñerá a disposición dos alumnos as presentacións empregadas nas clases, estas non son máis que guías de estudo, insuficientes para superar a materia. A asistencia a clase e o emprego dos textos recomendados faticarán a comprensión do temario e a superación dos exames. De detectarse fraude académico nas actividades da materia aplicase a normativa vixente. Programa Green Campus Facultade de Ciencias: Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumprir co punto 6 da "Declaración Ambiental da Facultade de Ciencias (2020)", os traballos documentais que se realicen nesta materia: a. Solicitaranse maioritariamente en formato virtual e soporte informático. b. De realizarse en papel: 1) Non se empregarán plásticos. 2) Realizaranse impresións a dobre cara. 3) Empregarase papel reciclado. 4) Evitarase a realización de borradores. Ademais, polas características da materia, os contidos e actividades están deseñados para favorecer a ambientalización curricular.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías